



ASISTENTES

PRESIDENTE

D. José A. López Rodríguez
(Delegado Provincial da Consellería de
Medio Ambiente)

VOCAIS

Dña. Mª Luisa Pardavila Pazos
(Avogado polo Colexio da provincia)
D. Manuel Francisco Gutierrez
(Xefe do Servizo de Montes e
Industrias Forestais)
D. Luis Mª Muiños Vidueira
(Letrado da Asesoría Xurídica da
Xunta)

**VOCAIS REPRESENTANTES DO
LUGAR DE FURCO, CONCELLO DE
CUNTIS**

D. José L. Campo Rivas
D. José M. Magariños Magariños

SECRETARIO

D. Antonio Alvarez Fernández
(Xefe de Sección do Servizo Técnico-
Xurídico da Delegación de Medio
Ambiente)

O Xurado Provincial de Clasificación
de Montes Veciñais de Pontevedra
dictou a seguinte **RESOLUCION**:

Na cidade de Pontevedra, sendo as
dezasete horas do día vintese de
novembro do 2003, coa asistencia das
persoas ó marxe reseñadas, reúnese na
3ª planta do edificio sito no nº 47 da rúa
Benito Corbal o Xurado Provincial de
Clasificación de Montes Veciñais en
Man Común ó obxecto de decidir sobre
a clasificación do monte "*Sanguinal e
outro*" do lugar de Furco, da parroquia
de Magdalena do concello de Cuntis.

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- Con data de entrada
15/01/98, D. José Luis Campos Rivas e
D. José Manuel Magariños Magariños,
na súa condición de veciños do lugar de
Furco, da parroquia de Arcos de Furco,
do concello de Cuntis, e en
representación dos mesmos, presentan
solicitude de iniciación de expediente
de clasificación dos monte denominados
"*Sanguinal e outros*" como veciñal en
man común para os veciños do lugar de
Furco, acompañando informe técnico e
pericial, así como diversa
documentación, describindo o monte,
identificación, superficie, ocupacións e
lindeiros.

SEGUNDO.- Con data 13/04/98
solicítase ó Servizo de Montes e
Industrias Forestais informe previo,
informe que é evacuado en data
12/12/00.



XURADO PROVINCIAL DE CLASIFICACIÓN DE MONTES VECINAIS



REGISTRO DE MONTES VECINAIS

PONTEVEDRA

COTEXADO, 19 MAR 2004

Benito Corbal, 47 - 5.º

Teléfono 986 805 335, 888 805 435

Data: 30/01/2004
O FUNCIONARIO ENCARGADO

TERCEIRO.- Na reunión celebrada polo Xurado Provincial de Montes Vecinais en Man Común o día 8 de febreiro do 2002 acordouse á vista do informe elaborado polo Servicio de Montes e I.F. incoar o expediente para a súa clasificación, nomear instructor do mesmo a D. Luis M^a Muíños Vidueira e a remisión do mesmo ó Servicio de Montes e Industrias Forestais ó obxecto de elaboralo informe preceptivo.

CUARTO.- O Servicio de Montes e Industrias Forestais remite ó Xurado en data 20 de febreiro do 2003 o citado informe, no que se describe o monte da seguinte maneira:

CONCELLO: CUNTIS
LUGAR: FURCO

NOME DO MONTE: "Sanguiñal"

Cabida: 39.930 M/2 (superficie alegada na solicitude)

Lindes:

Norte: Regato que separa da propiedade de José Luis Caeiro

Sur: Propiedades particulares de Manuel Gómez e José Blanco

Leste: Propiedades particulares de Herminda Ferro, José Luis Caeiro, Sara Arca, Camilo González, Herminda Ferro, José González, Antonio Arca, Delia Magariños, Juana González e Casimiro Escariz

Oeste: Estrada comarcal de Cuntis ó Alto da Cruz, propiedades particulares de Moisés González e Andrés Torres

Servidumes e ocupacións:

Este monte atópase atravesado polas proximidades do seu linde Nor-Oeste, por unha pista asfaltada que vai dar ó núcleo urbano do lugar de Furco.

NOME DO MONTE: "Monte da Aldea"

Cabida: 53.755 M/2 (superficie alegada na solicitude)

Lindes:

Norte: Propiedades particulares de Maruja Almeida, Dolores Magariños, José González, Félix Rivas, José Luis Caeiro, Carmen Cernadas, Manuel Pardal, Fina Caeiro, Camilo González, Carmen Cernadas, Sara Arca, Casimiro Escariz, José Peña e masas comúns de concentración parcelaria

Sur: Propiedades particulares de Manuel Pardal, Manuel Ferro Dopazo, José Ferro, Herminda Ferro, Erundina Rivas, José Luis Caeiro Porto e Sara Arca

Leste: Estrada de Vilar a O Caeiro

Oeste: Propiedades particulares de Erundina Rivas, Mercedes Castro Fins, José Luis Caeiro e Sara Arca

NOME DO MONTE: "Arrecosto"

Cabida: 42.515 M/2 (superficie alegada na solicitude)

Lindes:

Norte: Propiedades particulares de Camilo González, Casimiro Escariz, Sara Fojo, Delia Magariños, Herminda Ferro, Sara Arca, Evaristo Pisos e Sara Arca

Sur: Propiedades particulares de Purificación Fuentes, Manuel Hervés, Carmen Hervés, Francisco Amado, Jesús González, Raimundo Sánchez, Purificación Fuentes e monte comunal de Vilar

Leste: Propiedades particulares de Purificación Fuentes e camiño

Oeste: Estrada de Vilar a O Caeiro, propiedades particulares de Camilo González e Dolores García

QUINTO.- O Rexistrador da Propiedade de Caldas de Reis certifica con data 26 de novembro do 2002 que o monte solicitado non aparece inscrito a favor de persoa algunha.

SEXTO.- Con data 10 de marzo do 2003 o presidente do Xurado acordou abri-lo período de audiencia cun prazo dun mes. Data de saída 11 de marzo do 2003 e publicado no DOG con data 29 de maio do 2003.

SETIMO.- No período de audiencia presentouse a seguinte alegación:

a) Jesús Ferro Dopazo alegou:

- Que na linde Sur do monte denominado "Monte da Aldea" figura entre outros como colindante Manuel Ferro Dopazo nunha finca denominada "Revolta" e como consecuencia da división hereditaria do patrimonio de Serafin Ferro González. A citada finca pasou a ser da súa propiedade, polo que solicita que se corrixa o colindante

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro: O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común ten a competencia para coñecer os expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter a tenor do establecido no artigo 9 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común. Expedientes que se iniciarán, de conformidade co establecido no artigo 19 do Decreto 260/1992 polo que se aproba o Regulamento da lei 13/89 a instancia, entre outros, de calquera veciño ou grupo de veciños, circunstancia que concorre no solicitante.

Segundo.- De conformidade co artigo 1 da Lei 13/1989 do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, e no artigo 1 do Decreto 240/1992 do 4 de setembro comprende por montes veciñais en man común "... os terreos radicados na Comunidade Autónoma de Galicia que con independencia da súa orixe, as súas posibilidades productivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria pertencen a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e os veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade, sen asignación de cuotas, os membros daquelas na súa condición de veciños".

Así, segundo abundosa xurisprudencia, o feito que xustifica a clasificación ou non como vecinal dun determinado monte, en vía administrativa, é a circunstancia de terse ou non demostrado o aproveitamento consuetudinario en man común, prescindindo das cuestións relativas á propiedade e demais dereitos reais.

Terceiro.- O uso en man común do monte "Sanguñal e outros" tense suficientemente acreditado polo informe do Servizo de Montes e Industrias Forestais, principalmente o informe de 20 de febreiro do 2003, no que se constata o aproveitamento por parte dos veciños das parcelas solicitadas.

Cuarto.- Non poden terse en consideración as manifestacións de D. Jesús Ferro Dopazo, xa que non se sustentan en ningún tipo de proba que as acredite, posto que como tal non se pode condiderar unha simple cédula provisional de propiedade, sen ningún tipo de selo, nin firma e que amáis é de data anterior a unha certificación do Catastro de data 09/04/03 na que non figura o solicitado.

En consecuencia, vista a Lei 13/1989, do 10 de outubro de montes veciñais en man común e o seu regulamento, aprobado por Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e demais preceptos legais e regulamentarios, de xenérica e específica aplicación ó caso examinado, e tendo en conta que no expediente queda acreditado, de xeito efectivo, que os terreos obxecto de clasificación veñen sendo aproveitados consuetudinariamente polos membros desta comunidade, propónse polo Instructor e de maneira unánime o Xurado **ACORDA:**

CLASIFICAR como veciñal en man común os montes "Sanguñal e outros", a favor dos veciños do lugar de Furco, da parroquia de Arcos de Furcos, do concello de Cuntis por reunir os requisitos establecidos no artigo 1 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man Común, e correspondendose coa descrición reflectida no feito cuarto, excluindo expresamente do monte "Sanguñal" os terreos afectados pola estrada ó núcleo urbán do lugar de Furco, e a planimetría elaborada para o efecto polo Servizo de Montes e Industrias Forestais que forma parte inseparable da presente Resolución.

Contra a presente Resolución que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de reposición con carácter potestativo perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da presente notificación, de acordo co disposto no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.



Arros

Cor "

0...ha. ños

Corapueño

Prado

Buttericas



XUNTA DE GALICIA